



Concello de Vigo

Secretaría Goberno Local
Expte. 88/1102

RESOLUCIÓN ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE VIGO E DE ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS

O artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (de carácter básico, segundo o disposto na Disposición Adicional Primeira) determina que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

No cumprimento da devandita previsión legal e, en virtude da potestade regulamentaria e de autoorganización atribuída polo artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ordenouse o inicio de expediente a instancia da Concellería Delegada de Facenda, Patrimonio e Educación en data 8 de setembro do 2012, para tramitar o expediente nº 524/1101 da Secretaría do Pleno, co fin de dar trámite á aprobación da dita norma reguladora que, respectando a rigorosa e detallada normativa estatal básica aplicable e a autonómica de desenvolvemento, establece os criterios xerais de instrución e tramitación dos procedementos de concesión de subvencións do Concello de Vigo. Pero, malia que o devandito proxecto de Ordenanza foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica Municipal en data 12/11/2012 e pola Intervención Xeral Municipal en data 13/11/2012, non foi finalmente remitido para aprobación do órgano competente.

Logo do tempo transcorrido e das modificacións legislativas que resultan de aplicación ao texto referido, principalmente as esixidas no cumprimento da lexislación de transparencia e de administración electrónica, a Comisión Técnica de Transformación Integral da administración municipal de Vigo (constituída mediante acordos da Xunta de Goberno Local de datas 04/11/2016 e 20/01/2017) recomenda que se impulsen os traballos para a súa conclusión.

Considerando a variedade de servizos municipais que tramitan procedementos de concesión de subvencións nas súas distintas modalidades, resulta axeitada a constitución dun Grupo de Traballo Sectorial para a redacción do proxecto de Ordenanza Xeral de Subvencións, que integre aos empregados municipais cun perfil técnico e funcións de asesoramento legal preceptivo e/ou de fiscalización dos procedementos de subvencións en calquera das súas modalidades, baixo a superior dirección e coordinación do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, D. Jaime Aneiros Pereira, e o seguimento da tramitación do proxecto de Ordenanza Xeral de Subvencións polo interventor xeral do Concello de Vigo, D. Alberto Escariz Couso, atribuíndo a elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo, ao tesoureiro municipal e responsable superior contable e Orzamentario, Luís García Álvarez.

De conformidade co anteriormente exposto, e á vista da proposta formulada pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, na execución das competencias atribuídas por delegación desta Concellería por Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016,

RESOLVO:

Primeiro.- Impulsar o procedemento para a aprobación da Ordenanza Xeral de Subvencións e de Elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/05/2018 14:24

Páxina 1 de 2

Expediente 88/1102

CSV: 26EB42-D5DB55-4ED58F-BVCUM1-FSEXL8-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Secretaría Goberno Local
Expte. 88/1102

Segundo.- Sen prexuízo da superior dirección da Alcaldía, encomendar ao concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, D. Jaime Aneiros Pereira, a Dirección e Coordinación da tramitación da Ordenanza Xeral de Subvencións e de Elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións, en comunicación ca Alcaldía, a través da súa Dirección de Gabinete.

Terceiro.- Encomendar ao interventor xeral, D. Alberto Escariz Couso, o seguimento da tramitación do proxecto de Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vigo.

Cuarto.- Encomendar ao tesoureiro municipal e responsable superior contable e orzamentario, D. Luís García Álvarez, a elaboración do I Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo.

Quinto.- Constituír o Grupo de Traballo Sectorial da Ordenanza Xeral de Subvencións, baixo o seguimento da tramitación do proxecto do interventor xeral do Concello de Vigo, D. Alberto Escariz Couso, designando aos seguintes empregados municipais:

- D^a M^a Dolores Hernández Vidal, xefa do servizo de Fiscalización.
- D. Gustavo Rodríguez Bartol, asesor xurídico adxunto do Servizo de Benestar Social.
- D^a Carla Candia Paz, técnica de administración xeral do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

O Grupo de Traballo estará asistido no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, cuxos membros participarán activamente nos traballos a desenvolver.

Sexto.- A documentación que se vaia xerando para a aprobación de ambos documentos será facilitada por cada un dos responsables ao secretario xeral do Pleno, D. José Riesgo Boluda, como instrutor do expediente para a súa comunicación aos membros do Comité de Transformación Dixital, á directora de Gabinete, ao concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e ao concelleiro-delegado de Xestión Municipal, para os efectos do seu coñecemento coa antelación previa á realización das oportunas reunións.

Sétimo.- Para o desenvolvemento das funcións encomendadas na presente resolución, contarase coa colaboración de todos os Servizos e Áreas municipais, en canto sexan requiridos.

Oitavo.- Dar traslado da presente resolución aos membros da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, aos designados para desenvolver as funcións encomendadas na presente resolución e á Xunta de Goberno Local, así como dar publicidade da mesma a través da súa inserción na intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

CCA

Vigo, na data da sinatura dixital

CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA E ORZAMENTOS- D. Jaime Aneiros Pereira
CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M^a CONCEPCIÓN CAMPOS



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/05/2018 14:24

Páxina 2 de 2

Expediente 88/1102

CSV: 26EB42-D5DB55-4ED58F-BVCUM1-FSEX18-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>